

VI ANDAINA TERRAS DE ALTAMIRA - CONCELLO DE BRIÓN
"Copa Galega de Andainas de 50km da Federación Galega de Montañismo"
Sábado 15 de Maio de 2021 a partir das 7:30h.

PROTOCOLO COVID-19

Debido a COVID-19, debemos adaptarnos ás condicións impostas por Sanidade para a celebración de eventos deportivos. Así as cousas estamos obrigados, para poder levar a cabo o evento, a asumir unhas condicións que garantan a seguridade sanitaria para todos os entes implicados (organización, participantes, voluntariado...). Estas medidas son obrigatorias e explícanse no seguinte documento.

ASPECTOS XERAIS DA PROBA

A inscrición estará limitada a 250 participantes. Dada a situación sanitaria actual, e sen coñecer a súa evolución ata o momento do evento, en caso de que na data da proba as restricións de participantes sexan menores ás prazas ofertadas, terán preferencia os participantes por orde de inscrición.

Todos os participantes deberán levar posta a mascarilla, non podendo sacala en ningún momento ata que abandonen a zona de ámbito da proba. Así todos as persoas participantes deberán ir provistas de mascarillas suficientes para intercambialas mínimo cada 3/4 horas ou unha vez que estean inservibles por temas de suor ou desgaste.

A organización non facilitará mascarillas aos participantes agás en casos moi puntuais.

Non se disporá de duchas nin baños, debido a situación sanitaria existente actualmente.

Evitarase andar ou correr en grupos, debe manterse unha distancia entre participantes de 10m. excepto no momento do adiantamento.

Para adiantar a outros participantes durante a proba deberase avisar dende atrás a persoa que vai ser adiantada e esperar a que sexa posible pasar polo menos a 2m. dela.

Os avituallamentos serán sen contacto e estarán embolsados individualmente. Os participantes deberán coller unha única bolsa sen tocar o resto.

No caso de que, na hipotética circunstancia, de que na data do evento as restricións sanitarias no deixaran realizar o evento, a proba será aprazada para unha data similar domes de maio do ano 2022 e as persoas que estiveran inscritas nesta edición pasarán a estalo automaticamente na edición do vindeiro ano, non podendo en ningún caso optar á devolución da cota de inscrición.

RECOLLIDA DE DORSAIS

O acceso a recollida de dorsais estará debidamente delimitado e controlado para que só poidan acceder as persoas participantes. Para poder acceder a esta zona establecerase un control inicial de temperatura corporal, desinfección de mans, así como o control de mascarillas. A persoa que supere os 37°C de temperatura non poderá participar na proba e deberá abandonar a zona de ámbito da mesma.

Calquera persoa que dentro do recinto non leve mascarilla ou non cumpra coa normativa do anexo PROTOCOLO COVID-19, será expulsada por membros de seguridade, respondendo ante a xustiza polo seu incumprimento.

Na zona de entrega de dorsais non poderá haber aglomeracións e os participantes deberán respectar a distancia interpersonal de 2m. en todo momento.

Para a recollida deberán mostrar o seu DNI e, de ser o caso, a licenza federativa da FGM (non entregalas) á persoa responsable e depositar a DECLARACIÓN DE SAÚDE no lugar habilitado.

SAÍDA E CHEGADA

A presenza de espectadores na liña de saída e meta non está permitida.

Non haberá saída conxunta, os participantes poden recoller os seus dorsais entre as 7:30 e as 9:30 h. e, unha vez recollidos, poderán comezar a andar. Recomendase non esperar a recoller os dorsais á última hora para evitar aglomeracións.

Unha vez finalizada a proba os participantes non poderán quedar na Carballeira de Santa Minia debendo abandonar o a zona de ámbito da proba coa maior brevidade posible. Deben evitarse, por todos os medios, aglomeracións ou xuntanzas de mais de 6 persoas.

DESPOIS DA PROBA

A organización disporá dos datos de contacto de todos os inscritos, así como de todas as persoas vinculadas ao evento, para poder poñelas a disposición das autoridades competentes no caso de ser requiridas para calquera seguimento de posibles contaxios.